

Recomendacións abril 2024

LUÍSA VILLALTA

Bibliotecas
escolares
de Galicia



Sabela, unha mestra que acaba de sacar as oposicións, chega á parroquia de Brandeira. Alí agárdana a súa primeira escola e moitas cousas que non esperaba atopar: unha casa abandonada, luces misteriosas, unha alumna inquietante, uns amores truncados e as feridas do pasado que continúan abertas. Un relato intenso, ás veces inquietante, que non poderás deixar ata o final.



“Eu son... Balbino. Un rapaz de aldea. Coma quen di, un ninguén. E ademais, pobre.” Así comeza o libro máis lido e traducido da literatura galega e que agora se presenta nunha adaptación gráfica. Iria Aldegunde pon en imaxes ese mundo que Balbino contempla ao seu redor cos ollos moi abertos e que adocece por entender, pois, como el afirma, vimos ao mundo cunha alforxa de preguntas.

Tres segundos na zona

Xabier López




Unha novela de BA-LON-CES-TO! Roberto non é o primeiro da casa en xogar ao baloncesto, pero si quen máis problemas ten cos «tres segundos na zona». Conseguirá a súa adestradora que os árbitros nos llos volvan pitar? Será a súa irmá quen dea cunha solución? Logrará o ADAB CLUB facer un bo campionato a pesar de todo?



Recomendacións abril 2024



A través de diferentes perspectivas, desde os ollos dun cativo en tempos de posguerra ata os dunha libreira na actualidade, o autor consegue debullar a crueza do cotián e cédelle o pincel da piedade a uns personaxes que se confrontan a cadanseu lenzo en branco cun estilo magnificante traballado.



RUN BABY RUN

Fátima Delgado



Bibliotecas
escolares
de Galicia



Alba vén de gañar unha medalla de ouro no Mundial de atletismo e está no seu mellor momento. Pero a súa carreira trúncase por unha acusación inesperada. Para ela correr é respirar e o seu mundo derrúbase. Acompañada pola súa adestradora, atópase nunha encrucillada da que intenta saír sen renunciar ao seu verdadeiro ser.



Con humor, amor e moitas anécdotas Enma Pedreira traza neste libro a súa “biografía bibliográfica”, isto é, os libros que marcaron a súa vida desde que odiaba ler ata cando xa non pode parar de facelo.



Os libros que hai en min
Emma Pedreira

cuarto de inverno

